Sobre o impacto na economía galega da ralentización da recuperación no noso país en comparación co resto do estado e as repercusións da caída da poboación activa e o seu avellentamento.

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2021 non fai senon confirmar que a evolución do mercado laboral é moi preocupante.

Se ben os datos do ano pasado melloraron con respecto ao 2020, unha análise realista do mercado de traballo, que escape de piruetas porcentuais e numéricas tendenciosas, esixiría unha comparativa dos datos do 2021 cos do 2019, xa que no ano pasado todos os marcadores macroeconómicos rexistraron retrocesos importantes como consecuencia da crise derivada da pandemia.

Partindo desa premisa, atopámonos con datos moi reveladores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, dende o 2019 destruíronse no noso país 10.100 empregos, principalmente no sector industrial e primario. Pero incluso facendo unha comparativa co 2020, observamos como a industria perdeu no 2021, 11.700 empregos. Dato que contrasta co feito que foi no sector servizos onde máis medrou a ocupación (26.700 persoas máis no 2021). Aumenta o emprego nun sector tradicionalmente precarizado mentres se perde na industria, o que amosa a profunda crise industrial que atravesa o país e o fracaso das políticas industriais do goberno galego nos últimos anos.

A leve mellora dos datos EPA do 2021 respecto aos do 2020 en canto a descenso de poboación parada non se debe ao medre da ocupación, senon que hai buscar a súa causa na caída da poboación activa, que ademais está a experimentar un constante avellentamento.

Entre os anos 2019 e 2021 deuse unha caída da poboación activa en todas as franxas de idade, agás na franxa que vai dos 55 a máis anos, que aumenta. Mentres a caída máis intensa dase nas persoas entre 25 e 54 anos. Algo que hai que poñer en relación directa co feito que a xente moza vese obrigada a saír do noso país na busca de mellores oportunidades laborais.

En canto ao paro, se ben é certo que diminuíu no ano pasado, non é menos certo que o fixo moi por debaixo da media do estado; do mesmo xeito que en creación de emprego, a porcentaxe estatal aumentou nun 4,3 % fronte ao 0,96 % na Galiza.

Datos que confirman que o noso país, por desgraza, recupérase a un ritmo moi inferior ao do resto do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tan só no último trimestre do 2021, Galiza perdeu 21.200 persoas ocupadas e aumentou o número de parados, situándonos entre as comunidades con maior descenso do emprego e maior incremento do paro.

Os datos EPA que amosan que o sector servizos supón máis da metade da ocupación nas catro provincias e que a industria e a construción perden peso na nosa economía a pasos axigantados.

En canto ao emprego autónomo, cerramos o 2021 con 4.000 menos que no 2020, que suben aos 7.000 menos se o comparamos co 2019. O que tamén contrasta coa tendencia estatal.

Tamén resulta necesario incidir no aumento dos fogares con todos os seus membros no paro, xa que dende 2019 hai 100 fogares galegos máis nesta situación, atinxindo o total a 52.500. Ademais, a taxa de temporalidade incrementouse nun 0,5% con respecto a 2020, situándose non 24,5%.

Se antes da pandemia existían problemas estruturais que afectaban ao noso mercado de traballo, como son a temporalidade, parcialidade, precariedade e excesiva dependencia do sector servizos, e que afectaban especialmente á xente moza e ás mulleres, víronse agravados pola crise derivada da Covid-19.

Problemas estruturais que non corrixiron as políticas de emprego do goberno galego nos anos de goberno do señor Feijóo. O que en conxunción cos datos da Enquisa de Poboación Activa, confirman a situación extremadamente complicada do sistema e a febleza do noso mercado laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E de fondo, como coadxuvantes necesarios desta situación, unhas reformas laborais do 2010 e do 2012, lesivas para a crase traballadora galega, que só serviron para aumentar a precariedade laboral e impediron a creación de emprego estábel e de calidade en sectores estratéxicos como é o industrial.

Lesividade desas reformas que non se ve corrixida pola “non reforma laboral” anunciada coma un hito dende o goberno central, pero que deixa incólumes aspectos tan negativos como a flexibilización (por barato e unilateral) do despido, o poder case absoluto das empresas para decidir unilateralmente sobre modificacións substanciais das condicións de traballo ou descolgues salariais. Ou mesmo a prevalencia dos convenios estatais que impiden un marco propio de relacións laborais articulado a medio convenios autonómicos ou provinciais. Así como que sigan a prevalecer os convenios de empresa sobre os do sector, relativizando unha posíbel subida dos salarios. Aspectos todos eles negativos para a clase traballadora galega, que deberían mudarse durante a tramitación parlamentaria que se dará nas próximas semanas no Congreso dos Deputados.

Ante esta situación, o goberno galego, dentro das súas competencias, debe adoptar medidas efectivas e de calado que corrixan problemas estruturais do noso mercado laboral, que supoñan avances significativos para as maiorías sociais deste país e, en concreto, atallen a precaria situación laboral de mulleres e mozos galegas. Así como esixir do Estado a derogación das reformas laborais do 2010 e 2012 que tanto dano lle fixeron á clase traballadora galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego da situación do mercado laboral galego e da ralentización da recuperación económica en comparación co resto do Estado?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 11:21:00

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 11:21:04

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2022 11:21:15





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza experimentou desde o comezo do verán de 2021 unha nova fase do modelo espoliador enerxético imposto ao longo da nosa historia sufrindo un baleirado espectacular e sen precedentes de varios dos seus encoros de gran hidráulica, singularmente nas comarcas de Ourense e do sur de Lugo.

No mes de agosto de 2021 non só ficou fulminado todo récord existente respecto do prezo da enerxía eléctrica sen que o goberno central arbitrara medidas efectivas e sen que o goberno da Xunta de Galiza impulsara medidas para que Galiza, país líder en produción, non se vise igualmente penalizada. Ademais, isto aconteceu nun contexto no que as grandes empresas eléctricas contribuíron a esta situación especulando cos prezos e coa produción.

Múltiples encoros galegos, singularmente varios de Ourense mais tamén doutras zonas do país como Lugo, salientando o caso de Portomarín, viron reducida repentina e drasticamente a súa capacidade. Así as cousas, se tomamos como exemplo o concello de Vilariño de Conso, podemos ver como se na última semana de agosto a media anual adoita ser para o caso do encoro da Cenza dun 50%, neste 2021 mantívose no escaso 15%. A mesma porcentaxe tivo practicamente o encoro de Portas, cuxa capacidade no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2020 estaba no 75%. Esta situación continuou na maioría deles nos meses de inverno.

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas en que están situados e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Esta situación continúa no inverno, co agravante de que Galiza experimenta o seu xaneiro máis seco en máis dunha década e que zonas afectadas por esta situación, como a comarca da Baixa Limia e de Monterrei-Viana están a experimentar xa importantes lumes que veñen afectando espazos de protección natural coma o Xurés, por exemplo.

A comezos de febreiro a Xunta confirmaba a imposición dunhas ridículas sancións ás compañías eléctricas, de apenas 25.000 euros por encoro. Esta situación é intolerable, toda vez que ademais o propio Partido Popular rebaixara as sancións a través da tramitación da lei de pesca continental. Son contías ridículas e non van acompañadas, ademais, de esixencias para que esta situación se corrixa.

Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a súa incapacidade para evitar o baleirado dos encoros galegos e a imposición de sancións ridículas por mor das súas propias rebaixas legais para favorecer o lobby eléctrico?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2022 11:42:36

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 11:42:40

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 11:42:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da factoría de Leite Celta no Concello de Pontedeume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A factoría que a empresa Leche Celta S.L.U. ten no lugar de Andrade, no Concello de Pontedeume, conta desde novembro do ano 2017 con un convenio propio, o 1º de este tipo, que se aplica a un colectivo de 170 persoas.

Un logro da parte social que conseguía desmarcarse por fin, e superar, o convenio de ámbito estatal para as industrias lácteas e o seus derivados, totalmente condicionado e limitado polas dinámicas propias da negociación colectiva de ámbito estatal.

A vixencia pactada no convenio remataba o 31 de decembro do 2020 e a primeira reunión da negociación do 2º convenio tivo lugar o 16 de febreiro do ano 2021.

As pretensións patronais de modificar o sistema retributivo e a súa negativa a aceptar as reivindicacións sociais, entre elas o mantemento do poder adquisitivo, provocan un bloqueo das negociacións que a parte social contestou con unha convocatoria de folga que despois de varias semanas de paros parciais a partir deste 31 de xaneiro pasou a ser indefinida.

No transcurso de esta convocatoria folga o comité ven de denunciar perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que a empresa está a derivar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

leite que debería abastecer a factoría en folga ás outras factorías que a empresa ten no estado español para o seu envasado. É dicir, a empresa está a substituír ao persoal en folga vulnerando o seu dereito fundamental.

O grupo LECHE CELTA ten 3 factorías no estado español, a de Andrade, no Concello de Pontedeume, única afectada pola negociación do convenio e pola folga, e outras dúas en Ávila e Santander cara onde está a desviar o leite que habitualmente debería ser envasado na factoría galega.

Salienta o feito de ser unha empresa perceptora habitual de subvencións por parte tanto do goberno estatal como da Xunta de Galiza, tal como se comproba pola cartelaría dos organismos outorgantes dos fondos públicos: Consellaría de medio rural, IDAE ou INEGA.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pensa facer a Xunta de Galiza para que o persoal que a empresa LECHE CELTA ten na fábrica de Andrade (Pontedeume) non sufra recortes no seu poder adquisitivo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2022 12:10:20

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 12:10:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2022 12:10:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a convocatoria de subvencións ás asociacións e federacións de comercio para o ano 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As asociacións e federacións de comercio son unha ferramenta importante para o pequeno comercio que lles permite sumar esforzos e competir coas grandes superficies comerciais.

É papel das administracións, cara a apoiar e impulsar ao pequeno comercio, convocar axudas que permitan a estas asociacións e federacións desenvolver accións que contribúan a acadar ese obxectivo e viabilizar os negocios.

A Xunta de Galiza convoca cada ano 2 liñas de subvencións dirixidas a estes colectivos:

- subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos
- subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a convocatoria, estas subvencións teñen como obxectivo contribuír a construír un sector comercial máis competitivo e dinámico, pois ben a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no proceso de tramitación destas axudas lonxe de sumar para acadar estes obxectivos resta.

No ano 2021, cun sector comercial nunha situación crítica que arrastra dende a crise de 2008 e agravada pola Covid-19, a consellería convocou estas axudas o 29 de xullo e o 10 de agosto respectivamente, foron resoltas arredor do 19 de outubro e abonadas nas contas das entidades a partir do 24 de novembro.

Estas subvencións están destinadas a desenvolver actuacións que sexan realizadas entre o 1 de xaneiro e a data límite de xustificación, na convocatoria do pasado ano o 30 e o 15 de outubro ampliándose o prazo ate o 15 de novembro nos dous casos. Tendo en conta estes datos:

1º) Unhas axudas que van destinadas a dinamización do tecido comercial ao longo do ano resólvense ao remate do mesmo impedindo realizar as actividades as que van destinadas durante 10 meses.

2º) Algunhas entidades levan a cabo as actividades arriscándose a non obter a axudas xa que non coñece a resolución das mesmas, é dicir poder desenvolver unha actividades e serlle concedida a subvención para outra o directamente serlle denegada.

3º) Moitas entidades, aínda querendo arriscarse, non puideron desenvolver a actividade xa que non tiñan o diñeiro para facela, porque incluso se quixeran pedir unha póliza a unha entidade financeira non puideron porque non tiña a resolución.

Estamos a falar, como din as convocatorias, de asociacións sen fins de lucro, que na situación de crise na que se atopan os negocios asociados non van sobrados de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

efectivo, e que en plena crise foron abandonados a súa sorte pola Xunta de Galiza, que ten as competencias en materia de comercio

Estas convocatorias no ano 2021 foi “moi tarde” e nos anos anteriores foron “tarde”, eran convocadas entre marzo e abril e resoltas en setembro, co que xa pasou máis de medio ano sen poder realizar as actividades.

A dinamización do comercio galego debe facerse ao longo de todo o ano e para iso a Xunta de Galiza ten que convocar as axudas antes e tramitalas con maior axilidade.

Tamén cabe salientar que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos, un dato que indica a política continuísta que practica a Xunta de Galiza e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

A Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ten as competencias en materia de comercio e é a súa función poñer en marcha políticas de apoio ao tecido comercial galego, especialmente nunha situación de crise como na que se atopa o sector na actualidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego convocar, no inmediato, e axilizar a tramitación das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2022 12:29:51

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 12:29:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2022 12:30:05



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai uns días fíxose público o último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales* a nivel estatal. Os resultados de dito informe deixan a Galicia nunha situación preocupante.

De feito, Galicia a penas chega ao 5 % da cobertura de galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza, cando outras CCAA como País Vasco ou Navarra chegan ata o 60 %. E a propia contía da RISGA é das máis baixas do Estado respecto á renda media da CCAA.

Ante esta situación e tras numerosas propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista en canto á necesidade de estudar o novo contexto de exclusión social en Galicia derivado do paso da pandemia, así como a necesidade dun plan potente contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil.

No ano 2020, o Goberno de España creou o Ingreso Mínimo Vital, que foi concibido como un ingreso complementario coas rendas autonómicas, sen embargo a renda galega, RISGA, é incompatible coa mesma na Lee 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Polo que, dende o Grupo Socialista insistimos ao Goberno galego na necesidade de adaptar a propia lei galega de inclusión para permitir a compatibilidade co IMV.

Na actualidade o IMV cubre a case 37.000 galegos e galegas e no último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales*, indícase que hai sete CCAA que reducen o número de persoas beneficiarias das rendas mínimas e recortan presuposto coa coartada do IMV, entre elas Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista propuxo en varias ocasións que se investise a parte do presuposto da renda mínima que en Galicia se deixaba de gastar grazas á chegada do IMV, nun plan adaptado de inserción laboral e loita contra a pobreza infantil. E tal e como recomenda o citado informe é fundamental investir en reforzar o persoal de servizos sociais para axilizar, nun contexto de crise sociosanitaria, a resolución destas



prestacións fundamentais para a reactivación social e económica de Galicia. Fai unhas semanas o Ministro de Inclusión, Seguridade Social y Migracións, José Luis Escrivá e o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo anunciaron o proxecto piloto contra a pobreza infantil dotado con 10,6 millóns de euros procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que beneficiará a unas 6.000 persoas ata xuño de 2023, o que supón un paso importante na loita contra a pobreza infantil, tendo en conta que Galicia ten cifras moi altas de pobreza infantil.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia importante adaptar a Lei galega de inclusión para que poida ser compatible co IMV?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/02/2022 10:11:54

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2022 10:12:05



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia, a través do departamento competente, está a exercer con responsabilidade a coordinación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), sempre desde o respecto á autonomía das universidades recoñecida no marco constitucional.

Sen dúbida, a canle de diálogo fluída entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os equipos reitorais das tres institucións galegas está a redundar nun axeitado funcionamento do SUG nos últimos anos. Neste contexto, están a ter especial incidencia as políticas impulsadas pola Administración autonómica e, sobre todo, os acordos en materia de financiamento universitario e de oferta de titulacións.

O Grupo Parlamentario Popular considera de interese coñecer se existen indicadores ou datos concretos que permitan ao Goberno galego ter unha visión da situación e características do SUG. De ser o caso, coñecer as fortalezas e debilidades do sistema universitario pode servir para descubrir posibilidades de mellora a afrontar nos vindeiros anos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Cal é a situación do SUG para afrontar novas posibilidades de mellora nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 2 de Febreiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/02/2022 14:25:47

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2022 14:26:04

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/02/2022 14:26:18

Rodríguez Pérez, Moisés na data 02/02/2022 14:26:48

Gómez Salgado, Carlos na data 02/02/2022 14:27:16

José Luis Ferro Iglesias na data 02/02/2022 14:27:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2022 14:28:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

O ensino galego é unha prioridade nas políticas que está a desenvolver nestes anos o Goberno galego; así o entende o Grupo Parlamentario Popular e, ao noso modo de ver, o avalan tamén os resultados acadados en diferentes informes.

Con demasiada frecuencia asistimos a críticas da oposición que atribúen á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a aplicación de recortes ou que denuncian poucas achegas para o noso sistema educativo.

Desde o Grupo Parlamentario Popular estamos convencidos de que a Xunta traballa con rigor na organización que está a facer cada curso para, non só garantir un bo funcionamento do sistema, senón tamén lograr mellorar a calidade e equidade do ensino non universitario galego.

Resulta de interese coñecer aqueles indicadores ou datos que, a xuízo da Consellería, poden definir, tanto a situación que está a vivir o ensino galego como o investimento realizado na prestación deste servizo para o alumnado galego que cursa os seus estudos en centros da nosa comunidade.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Cal é a situación do ensino galego en canto a indicadores educativos e recursos públicos?



Santiago de Compostela, 2 de Febreiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/02/2022 14:38:24

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2022 14:38:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/02/2022 14:38:52

Rodríguez Pérez, Moisés na data 02/02/2022 14:39:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Gómez Salgado, Carlos na data 02/02/2022 14:39:17

José Luis Ferro Iglesias na data 02/02/2022 14:39:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2022 14:39:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e, en colaboración co Concello de Cervo, continúan co camiño da sostibilidade e protección do medio e acollerán neste concello a nova planta para o tratamento de biorresiduos.

A nova instalación abrangue unha superficie de case 8.000 metros cadrados, dos cales 3.500 serán para a nave pechada que implica esta instalación, e que prevé dar servizo a 15 concellos do arco cantábrico, en concreto, os municipios de Cervo, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mañón, Mondoñedo, Muras, Oulol, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

Os beneficios da posta en marcha da planta percibiranse no municipio de Cervo e tamén nas vilas que se sitúan nun radio de 45-50 quilómetros de distancia, chegando así a máis a unha poboación estimada de 70.000 habitantes. Neste sentido, a previsión é que a planta dea emprego na zona entre 8 e 10 persoas.

A futura planta poderá tratar ata 3.000 toneladas ao ano de fracción orgánica de residuos domésticos e outras 1.600 de podas e restos de madeira. Con este material, o obxectivo é acadar unha produción de 1.500 toneladas anuais de compost de alta calidade, que se destinarán ao sector da agricultura como abono natural e sostible en substitución dos fertilizantes artificiais.

Recentemente a empresa pública Sogama vén de adxudicar por un importe de 6,3 millóns de euros, a obra de execución e posta en marcha desta infraestrutura que formará parte da rede de plantas deseñadas pola Xunta a fin de que a meirande parte dos concellos adheridos a Sogama teñan acceso á valorización da materia orgánica nas súas proximidades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa o proxecto da nova Planta de biorresiduos de Cervo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 14:26:57

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 14:27:13

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 14:27:26

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 14:27:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 14:28:03

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 14:28:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 14:28:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](#)

[@GrupoPopularGal](#)



A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Consello de Ministros do pasado 1 de febreiro aprobou o Proxecto de Lei polo dereito á vivenda, que será remitido ás Cortes Xerais para a súa tramitación.

Dende o Grupo Parlamentario Popular lamentamos que o Goberno de España non escoite aos xuíces, que advirten da inconstitucionalidade deste texto por invadir competencias autonómicas, nin ás comunidades autónomas, que ademais de trasladar esta invasión, indicaron que estamos ante unha lei “engorrosa” na súa execución.

Galicia foi leal co Goberno de España ata o punto de que trasladou en tempo e forma as alegacións sobre este texto, co fin de melloralo, e tamén solicitou a retirada do proxecto de lei ata consensualo coas comunidades autónomas, para así garantir un dereito esencial, como é o acceso á vivenda.

Lamentamos que o Goberno central actuara de xeito unilateral regulando, entre outros aspectos, a vivenda protexida, a xestión do parque público residencial de titularidade autonómica ou os períodos de protección que afectarán a todo o parque público.

Advertimos a nosa preocupación por varios aspectos da norma estatal, como os referidos á vivenda social en solo residencial, que afectará á súa construción e venda, así como ao establecemento de zonas tensionadas e á limitación do alugueiro mensual, medidas que desincentivarán o mercado.

Tamén rexeitamos que a través da nova Lei se admita a ocupación ilegal dos inmobles como unha forma de acceso preferente ao parque público residencial.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto de Lei de Vivenda aprobado polo Consello de Ministros o pasado 1 de febreiro?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 14:31:38

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 14:31:49

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 14:32:03

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 14:32:20

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 14:32:36

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 14:32:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 14:33:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións e declaracións da Xunta en relación con abusos sexuais a menores na Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado mes de novembro de 2021 o xornal EL PAIS entregou ao Papa Francisco e á Conferencia Episcopal Española o dossier dunha grande investigación sobre pederastia na igrexa católica, con 251 novos casos e cando menos 1.271 vítimas. Trátase -segundo diversas estimacións- dunha pequena parte dos casos xa que a lei do silencio, o medo, a opacidade e a impunidade impediron a denuncia dos abusos e que saísen á luz.

A este respecto chama a atención a situación no Estado español en relación con outros países da contorna onde houbo investigacións independentes que deitaron luz sobre unha realidade durante moito tempo silenciada. É o caso de Francia, onde segundo unha investigación independente houbo máis de 216.000 menores que sufriron abusos desde 1950. e entre 2,900 e 3.200 relixiosos pederastas.

2. Diante da ausencia de informes e investigacións oficiais, o baleiro está sendo cuberto parcialmente por medios de comunicación e polo ámbito universitario. É o caso do estudo presentado en xuño de 2021, e publicado pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sociedad Aranzadi (*Abusos sexuales, menores e instituciones religiosas: respuestas restaurativas desde la investigación*), na que un equipo da UOC, da Universidade de Barcelona e da Universidade do País Basco botou luz sobre unha realidade silenciada. Ademais da conclusión de que entre o 30 e 40% dos casos son violacións con penetración, o estudo chama a atención sobre a dobre vitimización, a provocada polo feito en si e a derivada do non recoñecemento como vítima e non castigo aos responsábeis.

3. No que atinxe a Galiza un dos casos que se coñecen é o da Congregación dos Maristas, na que foron denunciados relixiosos de centros de Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense: segundo a investigación de EL PAÍS habería 13 maristas denunciados por abusos cometidos entre 1956 e 1980.

Aínda que a Igrexa amosou a súa vontade de investigar as denuncias e crear oficinas de atención a vítimas, a resposta é desigual, está en mans de cada un dos bispados e arcebispados e non satisfai as demandas das asociacións de vítimas, que reclaman unha resposta integral desde a xerarquía católica, desde as institucións e desde a lei.

4. No ámbito do Estado, a finais de xaneiro de 2022 a Fiscalía Xeral do Estado anunciou unha investigación sobre a materia e solicitou ás 17 fiscalías xerais territoriais que lles remitisen todas as querelas e denuncias en tramitación sobre agresións e abusos sexuais a menores en calquera institución relixiosa.

En paralelo, o Congreso abriu a vía a unha posíbel comisión de investigación sobre casos de pederastia no seo da Igrexa católica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Preguntado por esta cuestión, o presidente da Xunta -seguido ao pé da letra o argumentario do PP- fixo o día 1 de xaneiro (e na semana anterior) unhas declaracións que nos parecen cando menos irresponsábeis e perigosas ao afirmar que hai que investigar todo tipo de abusos e todo tipo de institucións, e non unha só (a igrexa católica). Destas afirmacións pode derivarse a idea dunha relativización da gravidade dos feitos denunciados, ao non recoñecer o carácter específico, sistemático e continuado no tempo dos abusos na Igrexa católica, que se produciu con absoluta impunidade durante décadas en numerosos países e para os que se desenvolveron pautas e protocolos de actuación que no Estado español non se levaron a cabo.

Por outra parte, das declaracións do Presidente da Xunta deixan entrever unha grave falta de sensibilidade cara ás vítimas, que levan tempo reclamando actuacións das administracións públicas e da xerarquía católica para rematar co silencio e coa impunidade. Precisamente as persoas especialistas que levaron a cabo o estudo antes referido poñen de relevo que aínda que estas situacións de abusos se dan noutras institucións, non vale a teoría do “e ti máis” ou “e ti tamén”: hai que facerse cargo do dano causado que aínda persiste. A este respecto, cabe sinalar que pode darse o caso de que os responsábeis dos abusos sigan en exercicio como relixiosos ou como docentes, o que supón unha dor engadida para as vítimas.

E todo isto loxicamente non é obstáculo para que se leven a cabo as investigacións dos abusos a menores cometidos noutras institucións e entidades públicas e privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai apoiar e colaborar a Xunta coas investigacións que se levan a cabo no ámbito da Igrexa, da xustiza e das institucións públicas, encamiñadas a coñecer a verdade, a reparar o dano causado e a condenar aos responsábeis destes graves delitos?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 17:03:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2022 17:03:11

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2022 17:03:21



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Pedro Puy Fraga, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Goberno galego, en consonancia coas directrices marcadas pola Unión Europea, aposta por unha mobilidade o máis verde e sostible posible.

Neste contexto e aproveitando fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), destacan tres liñas de actuación en materia de infraestruturas nas que está a traballar a Administracións autonómica e para as que reservou máis de cinco millóns de euros no orzamento do presente exercicio.

Unha é a dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, outra o acondicionamento e mellora das paradas de autobús en estradas de titularidade autonómica para conformar paradas seguras e o outra, a construción de sendas na contorna das grandes cidades que permita unha conexión segura con equipamentos de interese, como poden ser, por exemplo, os hospitais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que actuacións ten previsto acometer o Goberno galego en materia de mobilidade sostible con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 17:14:22

Pedro Puy Fraga na data 02/02/2022 17:14:42

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 17:15:02

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 17:15:22

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 17:15:38

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 17:16:06

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 17:16:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 17:16:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Goberno galego, en consonancia coas directrices marcadas pola Unión Europea, está a traballar en prol dunha mobilidade máis verde e sostible.

Neste ámbito, un dos programas que desde o ano 2016 está a desenvolver a Administración autonómica é o Plan de sendas de Galicia, que ten como obxectivo a dotación de itinerarios seguros, sostibles e integrados na paisaxe para peóns e ciclistas para ofrecerlles aos cidadáns unha alternativa á mobilidade motorizada para os seus desprazamentos cotiáns.

Seguridade, saúde e paisaxe son aspectos a salientar desta actuación que xa permitiu poñer a disposición dos cidadáns preto de 200 quilómetros de sendas ao longo e ancho da nosa Comunidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que balance fai o Goberno galego do Plan de sendas que está a desenvolver na rede de estradas da súa competencia?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 17:36:57

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 17:37:15

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 17:37:33

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 17:37:52

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 17:38:11

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 17:38:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 17:38:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral Pleno**.

En cumprimento do mandato feito polo Parlamento durante o Debate Anual de Política Xeral de 2017 e no marco do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, que se fixou como obxectivo estratéxico reducir nun 50% as vítimas mortais con respecto ás rexistradas no 2011, o Goberno galego puxo un marcha un programa de actuación para eliminar os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas de Galicia.

Dado que se inicia un novo ciclo de planificación na materia e que está a ultimarse a elaboración do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, parece axeitado facer balance do grado de cumprimento da estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes e valorar a súa incidencia na redución do número de accidentes con vítimas contabilizados neses puntos negros das estradas galegas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas da súa competencia no período 2016-2020?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 18:12:29

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 18:12:42

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 18:13:02

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 18:13:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 18:13:34

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 18:13:45

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 18:13:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Os plans de actuación e investimento do Goberno galego nos últimos anos corroboran que unha das súas liñas prioritarias é o reforzo da seguridade nas estradas da súa competencia.

Cumprir con este obxectivo pasa, en primeiro lugar, por asegurar unha axeitada conservación dos viarios e, dentro desta acción, non cabe dúbida que manter o firme en perfectas condicións é fundamental. Os orzamentos da Administración autonómica para o presente exercicio contemplan unha partida de máis de 18 millóns de euros para este cometido.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que actuacións máis destacadas se inclúen no Plan de reforzos de firme que ten previsto executar o Goberno galego no presente exercicio?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 02/02/2022 18:25:08

Carmen María Pomar Tojo na data 02/02/2022 18:25:21

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2022 18:25:36

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/02/2022 18:25:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2022 18:26:05

María Sol Díaz Mouteira na data 02/02/2022 18:26:16

José Manuel Balseiro Orol na data 02/02/2022 18:26:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez pechado o exercicio económico 2021, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego elaborar, no primeiro trimestre de 2022, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/02/2022 18:40:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 02/02/2022 18:40:55



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na provincia de Ourense o día 30 de xaneiro de 2022, rexistrábanse varios incendios, concretamente no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xures rexistraba na tarde do domingo dous incendios forestais activos nos concellos de Entrimo e Calvos de Randín. Ambos entraron desde Portugal e a superficie arrasada ascendía a 98 hectáreas, de acordo coas estimacións recollidas no parte de incendios ofrecido pola Consellería do Medio Rural ás 18:00 horas.

Recortes en todos os servizos ferroviarios redución drástica de cercanías, de frecuencias e a práctica inexistencia de longa distancia.

A estación de Vilagarcía non só dá servizo aos 38 mil habitantes deste concello, senón a toda unha zona de influencia de arredor de 150 mil persoas da comarca do Salnés, Caldas-Umia e incluso parte da Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estación de Vilagarcía é a 5ª de Galiza en tráfico de viaxeiros de media distancia. E está entre as 20 primeiras a nivel do Estado, segundo a información recollida no Observatorio do Ferrocarril, dependente do Ministerio de Transportes.

A ruta con máis viaxeiros é Vilagarcía-Santiago, fundamentalmente polos estudantes universitarios cun aumento constante nos últimos anos, con máis de 300 mil pasaxeiros no ano 2019 o que supuxo un aumento do 4.6%. É a terceira ruta galega de media distancia despois de Santiago-Coruña e Vigo.

Ao inicio da pandemia orixinada pola Covid 19 en marzo de 2020 eliminaron paradas en Vilagarcía e as cercanías, as lanzadeiras, que daba servizo á veciñanza de concellos como Catoira, Pontecesures ou Padrón.

Con esta eliminación traballadores/as estudantes e a viaxeiros en xeral, dificultáselle usar o tren para os seus desprazamentos xa que os horarios son en moitos casos incompatíbeis co inicio e remate da súa actividade.

Perda de frecuencias ao que se suma o de persoal, non reposición de efectivos por xubilacións, non substitución de vacacións, que leva a unha deficiente atención ás persoas usuarias.

Non hai xustificación para que unha estación como a de Vilagarcía teña unha perda de frecuencias e servizos cando ten un aumento constante de pasaxeir@s.

É unha sen razón que deixen á veciñanza de concellos como Catoira ou Pontecesures sen un servizo básico como é o tren.

A poboación da comarca do Salnés en xeral, e en particular traballadores/as, estudantes, precisan un transporte ferroviario de calidade, que permita a comunicación da veciñanza co resto de Galiza, que una o importante número de estudantes cos campus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

universitarios, Santiago, Pontevedra, Vigo, ou a traballadoras/es acudir aos seus postos de traballo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para que a veciñanza da comarca do Salnés teña un servizo ferroviario de cercanías acorde ás súas necesidades?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2022 18:25:10

Paulo Ríos Santomé na data 03/02/2022 18:25:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 18:25:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario terrestre de calidade é unha preocupación constante do BNG. Levamos anos demandando o dimensionamento preciso, tanto en vehículos, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias porque é un servizo vital na cadea asistencial e o servizo é deficitario.

A dotación de vehículos, de persoal e o tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

As Paradas Cardiorrespiratorias se non son atendidas nun tempo máximo de 15-20 minutos teñen case nulas opcións de recuperación, a mortalidade dos Infartos Agudos de Miocardio prodúcese fundamentalmente na primeira hora, @s doentes politraumatizad@s reducen drasticamente a súa supervivencia tras 20 minutos sen asistencia ou o tratamento do ictus reduce a súa eficacia cada hora que pasa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A conclusión é clara é preciso ter recursos, tanto materiais como humanos suficientes para que os tempos de resposta non supoñan que a poboación estea correndo serios riscos de quedar desatendida.

Ese risco de desatención, por falta de recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias é o que corre cada día a veciñanza, especialmente en zonas con déficit de recursos, con isócronas moi lonxe das aceptábeis. Comarcas enteiras sen dotación de Soporte Vital Avanzado (Valdeorras, Bergantiños, Baixo miño, Barbanza,Lalín...).

Infelizmente téñense producido desenlaces fatais, non son casos illados, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, en Galiza temos un servizo de transporte sanitario terrestre de baixa calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cidadanía agarda que cando precisa atención sanitaria se lle preste con garantías e con medios, non unha atención de terceira.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera suficiente a Xunta a dotación de emerxencias nas comarcas de Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras...?

Considera que @s veciñ@s destas comarcas poden recibir unha atención sanitaria rápida e con garantías, diante dunha patoloxía de gravidade, carecendo de ambulancia medicalizada, SVA?

Tendo en conta que o tempo é un factor esencial, considera que os veciñ@s destas comarcas teñen as mesmas oportunidades diante dunha patoloxía de gravidade que @s de outras zonas do país?

Cales son as isócronas operativas destas comarcas en caso de precisar unha ambulancia de SVA?

Ten intención o Goberno galego de dotar estas comarcas dunha ambulancia medicalizada? de ser así en que prazo?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2022 19:07:13

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2022 19:07:22

Iria Carreira Pazos na data 27/01/2022 19:07:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as razóns da demora da Xunta de Galiza no incremento de persoal na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no mes de abril acordou propor a incorporación de tres maxistrados, en comisión de servizos e compatibilizándoas funcións coas do seu destino de orixe, na Sala do Social do TSX de Galiza. A proposta realizada pola Sala de Goberno do Poder Xudicial de Galiza implicaba a necesaria dotación de persoal para a organización e xestión da maior carga de traballo asumida pola Sala do Social, pois en caso contrario resultaría baldía a medida de reforzo proposta.

Unha vez aprobada a proposta polo Consello Xeral do Poder Xudicial, os maxistrados designados comezaron a desenvolver o seu labor -tamén- na Sala do Social, mais sen que a Xunta de Galiza incrementase o cadro de persoal solicitado. Xa que logo o Tribunal dispuña de máis maxistrados para ditar sentenzas, mais non existía persoal para xestionar e tramitar os expedientes que sentenciar. A negligencia da Xunta de Galiza impediu que a administración xustiza experimentase a axilización necesaria e esperada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O incremento na litisioxidade e a necesidade de que non se demore a resposta xudiciais nunha xurisdicción tan sensible como a social, levou a que a Sala de Goberno do TSX de Galiza informase favorablemente a prorroga das comisións de servizo acordadas, ao tempo que instaba á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Justicia a que procedese a dotar dos medios necesarios para o correcto funcionamento do órgano dada a carga adicional de traballo que se ía xestionar. En concreto o Presidente da Sala solicitaba o reforzo da oficina xudicial, concretando a necesidade de contar cos servizos profesionais dun/ha LAX, unha persoa de xestión, dous de tramitación e unha de auxilio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta de Galiza que o incremento do número de maxistrados na Sala do Social do TSX de Galiza implica a necesidade do aumento dos medios persoais da Sala?

. Entende que a non dotación de traballadoras de xestión, tramitación e auxilio mingua a eficacia das comisións de servizos solicitadas pola Sala de Goberno e autorizadas polo CXPX?

. Por que razón/s a Xunta de Galiza fixo caso omiso ás peticións da Sala de Goberno e da Letrada da Sala?

. A recoñecida necesidade das 3 comisións de servizos, prorrogada, evidencia a existencia dunha necesidade estrutural da Sala e non soamente conxuntural?

. En que data realizou, ou ten previsto realizar, o incremento do cadro de persoal destinado na Sala do Social do TSX de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/01/2022 09:50:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/01/2022 09:50:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/01/2022 09:50:15



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa escrita.

O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ten por obxecto regular os requisitos específicos que teñen que ter os centros de menores e de atención á infancia.

É competencia da Consellería de Familia da Xunta de Galicia revisar e perfilar as tipoloxías e os requisitos específicos e organizativos destes centros, de forma que este garantida a salvagarda do interese dos e das menores.

A seguridade é un instrumento fundamental para o funcionamento axeitado destes centros, e na actualidade atopase externalizada cun contrato asinado coa empresa Mersant Vigilancia S.L.

O Grupo Parlamentario Socialista ten coñecemento que esta empresa non está a cumprir o contrato de forma axeitada incumprindo a obriga de garantir a mínima seguridade necesaria nestas instalacións, para dar resposta aos incidentes que poidan xurdir e para protexer tanto aos menores como ao persoal do centro.

No centro de menores Avelino Montero de Pontevedra, veñen denunciando dende hai semanas que quedan quendas descubertas sen seguridade e que existen deficiencias notables no funcionamento do servizo que está a afectar á seguridade dos menores e do persoal do centro.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que ante esta situación o Goberno da Xunta ten que tomar medidas axeitadas que garantan a calidade do servizo e o cumprimento das obrigas por parte da empresa que desenvolva esta tarefa de seguridade.

Non podemos consentir que se priorice o aspecto económico nunha contratación tan necesaria como é a seguridade nun centro de menores, xa que esta contribúe de forma esencial ao fin último que é protexer a estes menores en situación de desamparo e garantirlles unha forma e condicións de vida o máis achegada a unha familia normalizada.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Entende o Goberno da Xunta que se está a desenvolver a tarefa de seguridade nos centros de menores de forma axeitada?
- 2ª) Vai revisar o cumprimento dos requisitos establecidos no contrato de seguridade dos centros de menores por parte da empresa adxudicataria?
- 3ª) Cre o Goberno da Xunta que é admisible que no centro Avelino Montero de Pontevedra queden quendas descubertas sen seguridade?
- 4ª) Entende o Goberno da Xunta que estes incumprimentos poden afectar á seguridade dos menores e do persoal do centro?
- 5ª) Entende o Goberno da Xunta que ten competencia exclusiva para garantir a salvagarda dos dereitos dos menores tutelados?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/01/2022 16:08:02

Julio Torrado Quintela na data 28/01/2022 16:08:13

Marina Ortega Otero na data 28/01/2022 16:08:22



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A enquisa de poboación activa (EPA) do cuarto trimestre do 2021 pon de manifesto a tenor dos datos que Galicia se sitúa a cola na creación de emprego en relación co resto do Estado e reflicte unha desfeita do mercado laboral galego.

A comunidade pecha o ano creando unicamente 10.400 empregos máis ca no 2020, unha porcentaxe do 0,96 %, catro veces e media inferior ao dato estatal (+4,35 %).

Con estas cifras, Galicia sitúase en porcentaxe de creación de emprego, concretamente no lugar 17 do total de 19 comunidades e cidades autónomas.

O paro sube un 20 % en mozos e mozas e maiores de 55 anos.

Tamén os datos de paro de longa duración son realmente preocupantes. Das 135.100 persoas que están en desemprego, 59.400 levan máis dun ano nesta situación, é dicir, son persoas paradas de longa duración. Estas cifras seguen moi por enriba da situación prepandemia, é dicir, a estas persoas estalles a custar moito saír do círculo do desemprego cos serios riscos de exclusión social que isto conleva.

No cuarto trimestre de 2019 había en Galicia 55.700 persoas nesta situación, fronte ás 59.400 actuais. No mesmo trimestre do 2020 eran 50.100.

Isto evidencia que a recuperación non está a chegar a todos e hai unha parte da sociedade que está a quedar á marxe da mesma.

A ocupación en Galicia, en relación ó trimestre anterior, tampouco arroxa resultados moi positivos. Tralo verán volve caer o emprego, o que evidencia que o mercado laboral galego está moi suxeito á estacionalidade e está moi marcado pola temporalidade. Así, baixa a ocupación nun 1,9 %, en 21.200 persoas, cando no Estado medra nun 0,8 %.



O escaso dinamismo do mercado laboral galego reflíctese nunha taxa de actividade de tan só 52,4 puntos, moi por debaixo dos 58,65 do resto do Estado. Isto evidencia un mercado laboral cunha clara tendencia á inactividade, ó desánimo e ás poucas oportunidades.

O paro tamén amosa un peor comportamento que o resto do Estado. Interanualmente, cae nun 5,3 % (16,56 % no Estado), en 7.500 persoas, pero en relación ó trimestre anterior, este medra nun 6,6 % (baixa no 9,16 % no Estado), en 8.400 persoas.

Quedando a taxa de paro en Galicia, con 135.100 parados, nun 11 %, e no Estado nun 13,33 %. O que reflicte unha menor presión de demanda de emprego nesta Comunidade, polo xa mencionado desánimo, poucas expectativas e pouco dinamismo do noso mercado laboral.

A brecha de xénero persiste, cunha taxa de paro entre os homes de 9,9 puntos e de 12,2 entre as mulleres.

En relación os menores de 25 anos soportan taxas de desemprego do 35,6%.

Por sectores, en relación á ocupación, obsérvase unha mellora en relación ó trimestre anterior na construción e na industria, a contracción dáse, sobre todo, nos servizos, trala temporada estival, cunha baixada da ocupación do 2,3 %, fronte á suba do 0,9 e do 0,7 na industria e construción, respectivamente.

No sector primario tamén se dá unha baixada, do 7,1 %.

No ano non hai mellora en ningún sector, salvo en servizos, cunha suba do 2,6 %, pero hai que ter en conta a conxuntura de parálise de hai un ano.

Hai en Galicia 884.300 asalariados e a taxa de temporalidade mantense elevadísima, nun 24,3 %, a cuarta parte da poboación asalariada, 215.000 persoas.

A EPA pon en evidencia, de novo en Galicia, problemas estruturais no mercado de traballo e a dificultade de Galicia para crear emprego.

Galicia pecha 2021 con 135.100 persoas en desemprego; son 7.600 menos que un ano antes, pero a cifra é tres veces inferior á do Estado: un -5,3 % na comunidade autónoma fronte ao -16,56 % estatal.



Por outra banda, Galicia ten hoxe 4700 empregos menos ca antes da pandemia, como indica a comparativa coa mesma enquisa do cuarto trimestre do 2019.

Por outra banda, analizando só ao último trimestre e non ao ano completo, os datos son «catastróficos», pois Galicia perde 21 000 empregos (-2 %), cando o conxunto do Estado rexistra un aumento (+1 %). Ao tempo, o desemprego sobe en 8300 persoas (+6,59 %), mentres que no Estado diminúe (-9,2 %), o que se traduce na perda de 12.800 persoas activas. Esta perda de emprego concéntrase no sector dos servizos (maiormente no comercio, na hostalería e na Administración pública)

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia se sitúe a cola na creación de emprego, concretamente situándose no lugar 17 do total de 19 comunidades e cidades autónomas?
2. E da perda no 4 trimestre de 2021, de 21.000 empregos en Galicia?
3. Que actuacións prevé realizar para os parados de longa duración , xa que 59.400 levan máis dun ano nesta situación? E en relación co desemprego xuvenil?
4. Pensa analizar e realizar un plan inmediato de loita coa brecha de xénero existente na nosa Comunidade?
5. Que valoración fai o Goberno galego do forte peso da contratación temporal en Galicia? E que medidas pensa adoptar ao respecto?
6. Que medidas inmediatas vai a adoptar a Consellería de Emprego en relación a precarización, temporalidade e estacionalidade que caracteriza o noso mercado laboral?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/01/2022 16:56:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/01/2022 16:56:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 28/01/2022 16:56:27

Marina Ortega Otero na data 28/01/2022 16:56:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxente declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de xaneiro o Grupo Parlamentar do BNG recibiamos no Parlamento unha representación da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña).

O obxectivo deste encontro, que tamén tería lugar cos outros grupos parlamentarios presentes na cámara, era darnos traslado da entrega por rexistro de 1.745 sinaturas que avalan o Dereito de Petición da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Unha demanda que ben sabemos que non nace ex novo, senón como resultado do incumprimento do goberno da Xunta de Galiza ao non ter actuado na incoación do expediente BIC para este importante museo, conforme o acordo unánime deste Parlamento datado en 2010.

A situación de desprotección e abandono do conxunto deste patrimonio colectivo que representa o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, tanto do edificio singular como dos bens artísticos que contén, é ben coñecido e transmitido publicamente por múltiples voces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2018 o Consello da Cultura Galega fixo público o Informe sobre o valor patrimonial do conxunto artístico e arquitectónico integrante do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada) para o que considera necesario aplicar a protección propia dos Bens de Interese Cultural (BIC) para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte so se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.

O informe reconece o relevo e significación que representa o proceso integrador entre o edificio e a colección do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en tanto que constitúe un legado imprescindible para o coñecemento da cultura e da arte contemporáneas galegas, que o fai merecente dun grao de protección que garanta a súa integridade e a súa conservación no futuro.

Esta conservación actualmente está en severo risco pola desatención e abandono aos que se ve sometido o museo desde hai anos, por parte da propiedade actual, que mesmo conlevou o seu peche ao público desde hai máis dun lustro e á suspensión dos proxectos didácticos e culturais que acollía.

O pasado mes de setembro a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo coorganizou xunto ao Consello da Cultura Galega e mais o Concello de Sada unhas xornadas con especialistas en arte e profesorado universitario, onde se considerou a necesidade de impulsar iniciativas tendentes á protección do museo como a solicitude de incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), pendente desde 2010 e para o que a Xunta nunca activou o proceso de incoación que xa de seu evitaría a degradación á que se ten chegado.

Unha demanda que xa o BNG denunciou nesta cámara en diferentes ocasións durante o ano 2021 e na que constatamos o inmovilismo e o adiamento inxustificado por parte do goberno do PP na Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estado lamentábel que pon en risco a memoria da vangarda artística galega recuperada da memoria do exilio como proxecto cultural xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

Un museo que contén unha obra patrimonial de altísimo valor da autoría de Francisco Llorens, Francisco Asorey, Xosé Frau, Maside, Bonome, Laxeiro, Arturo Souto, Fernández Mazas, Cabreiro, Huici, Citino, Maruja Mallo, Lugrís, Colombo, Eugenio Granell e o escultor Antonio López, entre outros, e onde cómpre colocar en especial destaque unha parte da obra declarada xa BIC de Castelao como son as máscaras da súa autoría para a representación da peza teatral Os vellos non deben de namorarse.

O importante apoio recollido pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo dá mostra da elevada demanda social da necesaria protección para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside como paso previo á súa recuperación, conservación e adaptación do proxecto de musealización.

Asemade, o Concello de Sada acaba de incorporar na memoria orzamentaria para 2022 unha partida destinada a activar un convenio interadministrativo que permita a apertura do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Por todo isto formúlanse a seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedor o goberno do progresivo estado de abandono en que se encontra o Museo Carlos Maside?

- Que medidas está a tomar o goberno para evitar esta situación que pode conducir á perda irreparábel dunha parte fundamental desta colección de vangarda e memoria artística do exilio galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dispón a Xunta dun inventario actualizado dos bens patrimoniais presentes na colección do museo? Determina este inventario como é o seu estado de conservación actual?

- Como xustifica o goberno do PP que unha obra xa catalogada BIC como é a de Castelao poida estar neste museo sen medidas de protección e conservación óptimas e secuestradas ao público?

- Que razóns explican que desde o 2018 en que o CCG emitiu o seu informe técnico, coa demanda de protección BIC para continente e contido, como medida de salvagarda imprescindible, a Xunta aínda non incoase ese expediente a comezos de 2022?

- É consciente a Xunta do que este inexplicábel adiamento temporal supón para o avance da perda deste ben patrimonial colectivo único?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/01/2022 13:04:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 31/01/2022 13:04:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/01/2022 13:05:06



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A estrada PO-308, é unha das estradas con maior índice de accidentes do noso país, unha das vías con maior tránsito de vehículos sobre todo nas temporadas estivais, e tamén con moito tránsito peonil polas súas beirarrúas.

A pesar desta perigosidade, a Xunta de Galicia leva anos poñendo parches, sen levar a cabo unha actuación completa e sen implantar unha vía alternativa que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan con esta estrada.

A Xunta de Galicia no ano 2018 anunciou que ante o alto índice de sinistralidade que mostraban os últimos datos, ía reforzar a seguridade viaria na estrada PO-308, mediante a construción de 3 sendas peonís Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas-Samieira e O Covelo-Raxó, e a maiores actuacións complementarias da mellora da seguridade viaria nestes teitos da estrada.

O custo desta obra sería de 6,5 millóns de euros, con cargo a fondos europeos e estaría rematada no ano 2020.

Pero a realidade é que a Xunta de Galicia non cumpriu o seu compromiso xa que estamos no 2021 e só executou o tramo Raxó-Samieira, cun investimento de aproximadamente 4 millóns de euros.

Aínda quedan Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas, a pesar de cualificalo hai 3 anos como “inaprazable”.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Goberno da Xunta que cumpra coas súas promesas e remate as obras comprometidas para o concello de Poio, xa que se trata dunha estrada principal neste municipio, e adquiriu un compromiso cos seus veciños e veciñas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Vai o Goberno galego executar no ano 2022 o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas?

2ª) Cre o Goberno da Xunta que con estas actuacións pendentes se eliminará a perigosidade desta estrada?

3ª) Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia, para mellorar a seguridade viaria da PO-308?

4ª) Vai o Goberno galego estudar a posibilidade de implantar unha vía alternativa que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan coa estrada PO-308?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 31/01/2022 16:38:09

Patricia Otero Rodríguez na data 31/01/2022 16:38:15

Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/01/2022 16:38:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dos numerosísimos incidentes provocados pola descordinación e polo recorte de servizos no transporte escolar e no de viaxeiros, agora, co comezo das clases após as vacacións do nadal e coa entrada en vigor do contrato de transporte escolar á empresa Monbus, continúan os problemas e, o que é máis grave, continúa a redución de servizos, sobre todo nas zonas rurais do noso país.

Nomeadamente, no Concello de Outes, nenos e nenas de varios lugares veñen de asistir á desaparición de servizos e ao empeoramento noutros casos. Un termo municipal que conta cun único CEIP após o peche definitivo do “Emilio Navasqües”, que a Consellaría de Educación publicitou como unha “fusión” entre os dous centros que existían naquel momento e que non foi máis que unha escusa para pechar de novo un centro de ensino.

O transporte escolar, que debera realizar unha indubidábel labor social, sobre todo nas zonas rurais, volve ser considerado pola Xunta de Galiza como unha vía de redución de custos e de aforro económico sen ter en conta os graves problemas que crea a súa desaparición ou a súa redución.

Neste caso, viña existindo unha liña entre os lugares de Tarás, Coiradas e Entíns para ir ao IES “Poeta Añón”, que agora vén de eliminarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os nenos e nenas deses lugares que cursan ensino obrigatorio, e tamén os do lugar de Cuns, quedan sen un autobús escolar nunha liña que a Consellaría fixa agora dende o lugar de Cando, que dista 4 Km. de Cuns.

Por un lado, pois, deixa sen autobuses escolares e sen liña regular a Cuns, paradoxalmente candidata a aldea modelo no ano 2019 e co compromiso da Consellaría de Medio Rural de “facer os investimentos que sexan necesarios para pór en marcha actividades agrogandeiras”. E, por outro, obriga ao desprazamento ata a parada máis próxima, que dista 4 Km.

O que debería ser a liña lóxica Cuns-Cando-Pontenafonso-Ribademar-IES “Poeta Añón”, acabou sendo un circuíto entre Cando-Pontenafonso-Ribademar para dar a volta na entrada da Serra e subir a Tarás-Coiradas-Entíns- IES “Poeta Añón”, o que está a provocar que nenos e nenas de 12 anos teñan que facer un percorrido de case unha hora para chegar ao IES que está ubicado a escasos 5 Km.

Somos coñecedores de que nestes momentos non hai nenos e nenas no lugar de Cuns que acudan ao IES, e tamén de que, a raíz da presión social e da do propio IES e ANPA, modificáronse nos últimos días algúns traxectos que, dende logo, non resolven o problema principal: A eliminación de cada vez máis servizos e os atrancos e dificultades de contar cun transporte, escolar e regular, que facilite os desprazamentos nas zonas rurais e con poboación dispersa.

A inexistencia de nenos e nenas en Cuns que viaxen ao IES neste curso, non significa que non os vaia haber nos vindeiros e que sexa razón para deixar ao resto das persoas sen ese servizo. E as últimas modificación introducidas no traxecto tampouco evitan un longuísimos percorrido ata o IES e que o alumnado destas zonas siga chegando ao centro educativo despois da hora de comezo das clases.

Os argumentos da Consellaría chocan frontalmente coa propaganda habitual da Xunta de Galiza a respecto dun suposto incremento de servizos no rural que facilitaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixar poboación en determinadas zonas que o único que reciben son impedimentos e dificultades por parte da Administración autonómica. Uns argumentos que cada vez máis sonan a hipocrisía e a engano en moitos lugares e aldeas do noso país.

Ademais, non só o ensino obrigatorio está a ser vítima das políticas de recorte da Xunta de Galiza. Nesta mesma comarca, en Outes pero tamén en Esteiro, no concello de Muros, onde moitos alumnos e alumnas teñen como referencia os IES de Noia e, aínda así, as liñas habituais de Monbus non son compatíbeis cos horarios deses centros.

Prodúcese deste xeito non só un agravio comparativo entre alumnos e alumnas - que se verían na obriga de chegar con case unha hora de antelación á entrada nos IES e de agardar o mesmo tempo á saída para poder empregar o transporte público-, senón tamén a exclusión deses mozos e mozas das vantaxes da “tarxeta xoven”. Unha falla de atención que non é propia do século XXI e que mesmo provoca que nalgúns casos as nais teñan que deixar os seus traballos para achegar aos seus fillos e fillas a unha oferta educativa que non é nin próxima nin moito menos ten garantida a igualdade ao seu acceso.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza do funcionamento do transporte escolar nas zonas rurais do noso país?

2.-Que razóns levaron á Xunta de Galiza a eliminar servizos de transporte escolar nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, todos eles no concello de Outes?

3.- Que valoración fai de que o alumnado deses lugares teña que facer agora un percorrido no bus escolar de case unha hora para chegar ao IES, do que distan apenas 5 Km.? Que valoración fai de que ese percorrido sexa a causa fundamental da súa impuntualidade ás clases?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- É coñecedor o Goberno galego da situación e dos horarios do transporte público que utiliza o alumnado de ensino post obrigatorio de Outes e Esteiro, no concello de Muros, para chegar aos IES de Noia nos que estudan? Considera que se poden levar a cabo modificacións neses servizos para compatibilizar os horarios escolares cos das liñas habituais?

5.- Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo a reposición das liñas de transporte escolar, e consecuentemente das de viaxeiros e viaxeiras, nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, no concello de Outes? De ser así, en que prazo?

6.- Que actuacións vai levar a cabo para que o transporte de viaxeiros e viaxeiras de Noia a Muros e de Muros a Noia faga as modificacións horarias necesarias para facilitar a compatibilización co horario de entrada e saída dos IES de Noia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/02/2022 10:24:48

Paulo Ríos Santomé na data 01/02/2022 10:24:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 01/02/2022 10:24:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O centro de saúde e o PAC de Pontearreas levan meses nunha situación de caos e de colapso, debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións.

Nesta altura hai 9.000 persoas sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, de maneira que son atendidas por persoal de urxencias ou por outras facultativas, unha diferente cada vez.

A falta de persoal sanitario e auxiliar agrávase na época do nadal e no verán, cando o centro funciona con un terzo do cadro de persoal. Esta situación provoca dificultades para contactar co centro e para conseguir citas tanto presenciais como telefónicas. O desconcerto e descoordinación na xestión diaria aumenta tamén polo cambio constante do persoal administrativo debido a baixas e outras circunstancias.

Durante o nadal a situación agravouse debido a que os concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo, As Neves, Arbo e A Cañiza quedaron sen servizo de pediatría, polo que o centro de saúde e o PAC de Pontearreas tivo que asumir unha carga asistencial suplementaria.

2. Por outra parte, as instalacións do centro de saúde e do PAC de Pontearreas están anticuadas e son claramente insuficientes para atender as necesidades dunha área





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi ampla e que só en Pontearas supón unha poboación de máis de 23.000 persoas. En relación con este tema, existe un amplo consenso sobre a necesidade de construír un novo equipamento para mellorar a atención primaria de Pontearas e contar con un novo PAC que dea un axeitado servizo a Pontearas, Salvaterra do Miño, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves e Covelo.

Para dar resposta a esta demanda, a alcaldía enviou un escrito ao SERGAS propondo unha xuntanza entre persoal técnico municipal e da consellaría para estudar as necesidades de reserva de solo para o novo centro de saúde.

Outra demanda urxente é a que ten a ver coa Unidade de Saúde Mental, que é necesario que estea ubicada en Pontearas para dar servizo a este concello e á comarca. Parece que o SERGAS ten intención de ubicala noutra localidade, usando como xustificación a falta de espazo no centro de saúde.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para dotar o centro de saúde e o PAC de Pontearas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación?

Como vai cubrir as vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións, de maneira que se garanta unha atención estábel e se evite a saturación e a sobrecarga das axendas?

Que previsións ten o goberno galego a respecto da construción dun novo equipamento sanitario (centro de saúde e PAC) para Pontearas e a súa área?

Ten previsto a Xunta atender as demandas da alcaldía de Pontearas en relación coas necesidades de espazo e reserva de terreos para o novo centro de saúde?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai garantir o goberno galego a permanencia en Pontearreas da Unidade de Saúde Mental?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2022 11:14:11

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2022 11:14:15

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2022 11:14:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de xullo de 2021 a Xunta daba resposta no Parlamento a unha pregunta do BNG, presentada o 21 de marzo de 2021, sobre as medidas se estaban a tomar por parte da Xunta para obrigar a poñer fin ós continuos episodios de olores nauseabundos que a actividade da empresa TEN, S.L. provoca como consecuencia da súa negligente xestión de residuos que efectúa no lugar da mina no concello de Touro.

Na resposta do goberno indicábase que se lle abriran dous expedientes á citada empresa, un no ano 2018 por incumprimento da lei de prevención de control integrado da contaminación e outro no ano 2020 sobre a xestión de residuos e cheiros.

Así mesmo, tamén se indicaba na resposta que dentro das accións e propostas de melloras para mitigar citados cheiros incluíaase a formación de panelistas para facer medición de olores.

Por outra banda, tamén se afirmaba que a administración galega instara a TEN S.L. a que fixera un estudo sobre a concentración de metano, amoníaco e ácido sulfídrico dos tecnosolos que elabora esta empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal foi o resultado dos dous expedientes abertos á empresa TEN, S.L. nos anos 2018 e 2020?
2. Que concluíron os panelistas das súas medicións de olores?
3. Entregou a empresa o estudo sobre os compostos que desprenden os tecnosolos (metano, amoníaco e sulfídrico)?
4. Cales foron os resultados?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/02/2022 11:31:56

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2022 11:31:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2022 11:32:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as inmatriculacións da Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Ademais, no ano 2016 o Tribunal de Estrasburgo ditou unha sentenza na se cualifica de “arbitrario” o dereito de inmatriculación da Igrexa e se considera que viola o dereito de propiedade.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).
- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituír os bens aos seus lexítimos propietarios.

No canto de procurar os medios para deixar sen efecto os rexistros realizados de maneira irregular, o goberno central e Conferencia Episcopal anunciaron recentemente un acordo polo que a igrexa renunciaría á propiedade 965 bens urbanos e rústicos que pertencen a terceiras persoas ou dos que non lle consta a titularidade, dos cales 9 estarían en Galiza.

Trátase sen lugar a dúbidas dunha saída en falso, que ten como obxectivo facer un lavado de cara e que impide ir á raíz do problema: desmantelar o sistema de privilexios que lle permitiu á Igrexa católica converterse na maior inmobiliaria de Galiza e do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas en que están situados e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Esta situación continúa no inverno, co agravante de que Galiza experimenta o seu xaneiro máis seco en máis dunha década e que zonas afectadas por esta situación, como a comarca da Baixa Limia e de Monterrei-Viana están a experimentar xa importantes lumes que veñen afectando espazos de protección natural coma o Xurés, por exemplo.

A comezos de febreiro a Xunta confirmaba a imposición dunhas ridículas sancións ás compañías eléctricas, de apenas 25.000 euros por encoro. Esta situación é intolerable, toda vez que ademais o propio Partido Popular rebaixara as sancións a través da tramitación da lei de pesca continental. Son contías ridículas e non van acompañadas, ademais, de esixencias para que esta situación se corrixa.

Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora o goberno galego a súa incapacidade para evitar o baleirado dos encoros galegos e a imposición de sancións ridículas por mor das súas propias rebaixas legais para favorecer o lobby eléctrico?

. Que informes manexa a Xunta de Galiza? Porque os oculta ao Parlamento Galego?

. Valora o goberno galego dirixirse ás eléctricas ou ao Estado para limiar a produción hidroeléctrica nos encoros nos lugares máis afectados pola situación de seca, como fixo Portugal?

. Por que só sancionou ao abeiro da normativa de pesca? Non ten base legal para continuar coas demandas ao abeiro da lei de patrimonio natural?

. Considera o goberno galego que estas actuacións se enmarcan nunha operación de especulación sobre os prezos?

. Considera a Xunta de Galiza que este problema amosa as consecuencias negativas da falta de soberanía sobre os nosos ríos e sobre o sistema enerxético? Vai demandar máis autogoberno nestes ámbitos?

. Que actuacións demandou ao goberno central? Cales impulsou pola súa banda?

. Desenvolveu ou vai desenvolver o goberno galego algún estudo?

. E algunha negociación directa coas empresas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 11:41:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2022 11:41:18

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2022 11:41:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación da factoría de Leite Celta no Concello de Pontedeume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A factoría que a empresa Leche Celta S.L.U. ten no lugar de Andrade, no Concello de Pontedeume, conta desde novembro do ano 2017 con un convenio propio, o 1º de este tipo, que se aplica a un colectivo de 170 persoas.

Un logro da parte social que conseguía desmarcarse por fin, e superar, o convenio de ámbito estatal para as industrias lácteas e o seus derivados, totalmente condicionado e limitado polas dinámicas propias da negociación colectiva de ámbito estatal.

A vixencia pactada no convenio remataba o 31 de decembro do 2020 e a primeira reunión da negociación do 2º convenio tivo lugar o 16 de febreiro do ano 2021.

As pretensións patronais de modificar o sistema retributivo e a súa negativa a aceptar as reivindicacións sociais, entre elas o mantemento do poder adquisitivo, provocan un bloqueo das negociacións que a parte social contestou con unha convocatoria de folga que despois de varias semanas de paros parciais a partir deste 31 de xaneiro pasou a ser indefinida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No transcurso de esta convocatoria folga o comité ven de denunciar perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que a empresa está a derivar o leite que debería abastecer a factoría en folga ás outras factorías que a empresa ten no estado español para o seu envasado. É dicir, a empresa está a substituír ao persoal en folga vulnerando o seu dereito fundamental.

O grupo LECHE CELTA ten 3 factorías no estado español, a de Andrade, no Concello de Pontedeume, única afectada pola negociación do convenio e pola folga, e outras dúas en Ávila e Santander cara onde está a desviar o leite que habitualmente debería ser envasado na factoría galega.

Salienta o feito de ser unha empresa perceptora habitual de subvencións por parte tanto do goberno estatal como da Xunta de Galiza, tal como se comproba pola cartellaría dos organismos outorgantes dos fondos públicos: Consellaría de medio rural, IDAE ou INEGA.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza cales son as retribucións do convenio estatal para as industrias lácteas e os seus derivados?
2. Que opina a Xunta de Galiza do feito de ter conseguido o persoal da fábrica de LECHE CELTA en Andrade un convenio propio superior ao estatal?
3. Considera a Xunta de Galiza que o nivel retributivo das ocupacións en industrias de forte implantación no noso país é un condicionante para o consumo e para a fixación de poboación no entorno de estas industrias? Considera importante a Xunta de Galiza que o persoal asalariado manteña o seu nivel adquisitivo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Como valora a Xunta de Galiza a vulneración do dereito fundamental á folga do persoal da fábrica de Andrade? Que pensa facer a Xunta de Galiza para que remate a vulneración de este dereito fundamental?

5. Que pensa facer a Xunta de Galiza para que o persoal da fábrica de Andrade non sufra recortes no seu poder adquisitivo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 12:12:24

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 12:12:28

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2022 12:12:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a convocatoria de subvencións ás asociacións e federacións de comercio para o ano 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As asociacións e federacións de comercio son unha ferramenta importante para o pequeno comercio que lles permite sumar esforzos e competir coas grandes superficies comerciais.

É papel das administracións, cara a apoiar e impulsar ao pequeno comercio, convocar axudas que permitan a estas asociacións e federacións desenvolver accións que contribúan a acadar ese obxectivo e viabilizar os negocios.

A Xunta de Galiza convoca cada ano 2 liñas de subvencións dirixidas a estes colectivos:

- subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos
- subvencións a asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a convocatoria, estas subvencións teñen como obxectivo contribuír a construír un sector comercial máis competitivo e dinámico, pois ben a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no proceso de tramitación destas axudas lonxe de sumar para acadar estes obxectivos resta.

No ano 2021, cun sector comercial nunha situación crítica que arrastra dende a crise de 2008 e agravada pola Covid-19, a consellería convocou estas axudas o 29 de xullo e o 10 de agosto respectivamente, foron resoltas arredor do 19 de outubro e abonadas nas contas das entidades a partir do 24 de novembro.

Estas subvencións están destinadas a desenvolver actuacións que sexan realizadas entre o 1 de xaneiro e a data límite de xustificación, na convocatoria do pasado ano o 30 e o 15 de outubro ampliándose o prazo ate o 15 de novembro nos dous casos. Tendo en conta estes datos:

1º) Unhas axudas que van destinadas a dinamización do tecido comercial ao longo do ano resólvense ao remate do mesmo impedindo realizar as actividades as que van destinadas durante 10 meses.

2º) Algunhas entidades levan a cabo as actividades arriscándose a non obter a axudas xa que non coñece a resolución das mesmas, é dicir poder desenvolver unha actividades e serlle concedida a subvención para outra o directamente serlle denegada.

3º) Moitas entidades, aínda querendo arriscarse, non puideron desenvolver a actividade xa que non tiñan o diñeiro para facela, porque incluso se quixeran pedir unha póliza a unha entidade financeira non puideron porque non tiña a resolución.

Estamos a falar, como din as convocatorias, de asociacións sen fins de lucro, que na situación de crise na que se atopan os negocios asociados non van sobrados de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

efectivo, e que en plena crise foron abandonados a súa sorte pola Xunta de Galiza, que ten as competencias en materia de comercio

Estas convocatorias no ano 2021 foi “moi tarde” e nos anos anteriores foron “tarde”, eran convocadas entre marzo e abril e resoltas en setembro, co que xa pasou máis de medio ano sen poder realizar as actividades.

A dinamización do comercio galego debe facerse ao longo de todo o ano e para iso a Xunta de Galiza ten que convocar as axudas antes e tramitalas con maior axilidade.

Tamén cabe salientar que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos, un dato que indica a política continuísta que practica a Xunta de Galiza e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

A Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ten as competencias en materia de comercio e é a súa función poñer en marcha políticas de apoio ao tecido comercial galego, especialmente nunha situación de crise como na que se atopa o sector na actualidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre o Goberno galego que as subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2021 foron convocadas e resoltas de acordo coa situación de crise na que se atopaba o sector?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego convocar, no inmediato, as subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2022?
- Ten previsto o goberno galego convocar estas subvencións para o ano 2023 en decembro de 2022?
- Ten previsto o goberno galego axilizar os trámites para que estas subvencións sexan resoltas na maior brevidade, co obxectivo de que as asociacións e federacións de comercio coñezan as subvencións concedidas e poidan realizar as actividades ao longo de todo o ano
- Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o crédito orzamentario para estas axudas, de acordo coa importancia que o sector ten para o noso país?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2022 12:28:19

Daniel Pérez López na data 02/02/2022 12:28:22

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2022 12:28:35



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Fai uns días fíxose público o último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales* a nivel estatal. Os resultados de dito informe deixan a Galicia nunha situación preocupante.

De feito, Galicia a penas chega ao 5 % da cobertura de galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza, cando outras CCAA como País Vasco ou Navarra chegan ata o 60 %. E a propia contía da RISGA é das máis baixas do Estado respecto á renda media da CCAA.

Ante esta situación e tras numerosas propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista en canto á necesidade de estudar o novo contexto de exclusión social en Galicia derivado do paso da pandemia, así como a necesidade dun plan potente contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil.

No ano 2020, o Goberno de España creou o Ingreso Mínimo Vital, que foi concibido como un ingreso complementario coas rendas autonómicas, sen embargo a renda galega, RISGA, é incompatible coa mesma na Lee 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Polo que, dende o Grupo Socialista insistimos ao Goberno galego na necesidade de adaptar a propia lei galega de inclusión para permitir a compatibilidade co IMV.

Na actualidade o IMV cubre a case 37.000 galegos e galegas e no último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales*, indícase que hai sete CCAA que reducen o número de persoas beneficiarias das rendas mínimas e recortan presuposto coa coartada do IMV, entre elas Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista propuxo en varias ocasións que se investise a parte do presuposto da renda mínima que en Galicia se deixaba de gastar grazas á chegada do IMV, nun plan adaptado de inserción laboral e loita contra a pobreza infantil. E tal e como recomenda o citado informe é fundamental investir en reforzar o persoal de servizos sociais para axilizar, nun contexto de crise sociosanitaria, a resolución destas



prestacións fundamentais para a reactivación social e económica de Galicia. Fai unhas semanas o Ministro de Inclusión, Seguridade Social y Migracións, José Luis Escrivá e o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo anunciaron o proxecto piloto contra a pobreza infantil dotado con 10,6 millóns de euros procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que beneficiará a unas 6.000 persoas ata xuño de 2023, o que supón un paso importante na loita contra a pobreza infantil, tendo en conta que Galicia ten cifras moi altas de pobreza infantil.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia importante adaptar a Lei galega de inclusión para que poida ser compatible co IMV?
- 2.^a) Porque non adaptaron a Lei galega de inclusión ao IMV despois de máis dun ano e medio da creación do mesmo?
- 3.^a) Consideran relevante incrementar o persoal dos servizos sociais comunitarios para axilizar os trámites das rendas mínimas?
- 4.^a) Que nivel de execución no presuposto destinado á RISGA se deu en 2019, en 2020 e en 2021?
- 5.^a) Cantas persoas perceptoras da RISGA hai na actualidade? E no ano 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/02/2022 10:12:33

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2022 10:12:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as actuacións e declaracións da Xunta en relación con abusos sexuais a menores na Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado mes de novembro de 2021 o xornal EL PAIS entregou ao Papa Francisco e á Conferencia Episcopal Española o dossier dunha grande investigación sobre pederastia na igrexa católica, con 251 novos casos e cando menos 1.271 vítimas. Trátase -segundo diversas estimacións- dunha pequena parte dos casos xa que a lei do silencio, o medo, a opacidade e a impunidade impediron a denuncia dos abusos e que saísen á luz.

A este respecto chama a atención a situación no Estado español en relación con outros países da contorna onde houbo investigacións independentes que deitaron luz sobre unha realidade durante moito tempo silenciada. É o caso de Francia, onde segundo unha investigación independente houbo máis de 216.000 menores que sufriron abusos desde 1950. e entre 2,900 e 3.200 relixiosos pederastas.

2. Diante da ausencia de informes e investigacións oficiais, o baleiro está sendo cuberto parcialmente por medios de comunicación e polo ámbito universitario. É o caso do estudo presentado en xuño de 2021, e publicado pola Sociedad Aranzadi (*Abusos sexuales, menores e instituciones religiosas: respuestas restaurativas desde la*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investigación), na que un equipo da UOC, da Universidade de Barcelona e da Universidade do País Basco botou luz sobre unha realidade silenciada. Ademais da conclusión de que entre o 30 e 40% dos casos son violacións con penetración, o estudo chama a atención sobre a dobre vitimización, a provocada polo feito en si e a derivada do non recoñecemento como vítima e non castigo aos responsábeis.

3. No que atinxe a Galiza un dos casos que se coñecen é o da Congregación dos Maristas, na que foron denunciados relixiosos de centros de Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense: segundo a investigación de EL PAÍS habería 13 maristas denunciados por abusos cometidos entre 1956 e 1980.

Aínda que a Igrexa amosou a súa vontade de investigar as denuncias e crear oficinas de atención a vítimas, a resposta é desigual, está en mans de cada un dos bispados e arcebispados e non satisfai as demandas das asociacións de vítimas, que reclaman unha resposta integral desde a xerarquía católica, desde as institucións e desde a lei.

4. No ámbito do Estado, a finais de xaneiro de 2022 a Fiscalía Xeral do Estado anunciou unha investigación sobre a materia e solicitou ás 17 fiscalías xerais territoriais que lles remitisen todas as querelas e denuncias en tramitación sobre agresións e abusos sexuais a menores en calquera institución relixiosa.

En paralelo, o Congreso abriu a vía a unha posíbel comisión de investigación sobre casos de pederastia no seo da Igrexa católica.

5. Preguntado por esta cuestión, o presidente da Xunta -segundo ao pé da letra o argumentario do PP- fixo o día 1 de xaneiro (e na semana anterior) unhas declaracións que nos parecen cando menos irresponsábeis e perigosas ao afirmar que hai que investigar todo tipo de abusos e todo tipo de institucións, e non unha só (a igrexa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

católica). Destas afirmacións pode derivarse a idea dunha relativización da gravidade dos feitos denunciados, ao non recoñecer o carácter específico, sistemático e continuado no tempo dos abusos na Igrexa católica, que se produciu con absoluta impiedade durante décadas en numerosos países e para os que se desenvolveron pautas e protocolos de actuación que no Estado español non se levaron a cabo.

Por outra parte, das declaracións do Presidente da Xunta deixan entrever unha grave falta de sensibilidade cara ás vítimas, que levan tempo reclamando actuacións das administracións públicas e da xerarquía católica para rematar co silencio e coa impiedade. Precisamente as persoas especialistas que levaron a cabo o estudo antes referido poñen de relevo que aínda que estas situacións de abusos se dan noutras institucións, non vale a teoría do “e ti máis” ou “e ti tamén”: hai que facerse cargo do dano causado que aínda persiste. A este respecto, cabe sinalar que pode darse o caso de que os responsábeis dos abusos sigan en exercicio como relixiosos ou como docentes, o que supón unha dor engadida para as vítimas.

E todo isto loxicamente non é obstáculo para que se leven a cabo as investigacións dos abusos a menores cometidos noutras institucións e entidades públicas e privadas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai corrixir ou rectificar o Presidente da Xunta as desafortunadas declaracións sobre os abusos a menores na Igrexa católica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai apoiar e colaborar a Xunta coas investigacións que se leven a cabo no ámbito da Igrexa, da xustiza e das institucións públicas, encamiñadas a coñecer a verdade, a reparar o dano causado e a condenar aos responsábeis destes graves delitos?

-Vai o goberno galego dar soporte e apoio ás vítimas tanto no proceso de denuncia como no tratamento e superación dos danos e secuelas causados polos abusos que sufriron?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2022 17:04:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2022 17:04:29

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2022 17:04:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Unha vez pechado o exercicio económico 2021, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego elaborar, no primeiro trimestre de 2022, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/02/2022 18:41:19

Gonzalo Caballero Míguez na data 02/02/2022 18:41:32



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na provincia de Ourense o día 30 de xaneiro de 2022, rexistrábanse varios incendios, concretamente no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xures rexistraba na tarde do domingo dous incendios forestais activos nos concellos de Entrimo e Calvos de Randín. Ambos entraron desde Portugal e a superficie arrasada ascendía a 98 hectáreas, de acordo coas estimacións recollidas no parte de incendios ofrecido pola Consellería do Medio Rural ás 18:00 horas.

O foco máis grande é o rexistrado en Entrimo, concretamente na parroquia de Venceáns, que afecta a 50 hectáreas. Para o seu control, mobilizáronse tres axentes, tres brigadas, unha motobomba e dous avións.

En Calvos de Randín, outro lume activo na parroquia de Randín leva queimadas sobre 40 hectáreas do Parque do Xures. Nel, traballaron dous axentes, unha brigada, unha motobomba e un helicóptero.

Mentres tanto, o terceiro dos incendios que afectou ao devandito parque, rexistrado na madrugada do domingo no concello de Muíños, concretamente na parroquia de Prado de Limia, quedou extinguido as 16:06 horas da tarde. Segundo a Consellería do Medio Rural, tamén entrou desde Portugal e calcinou unha superficie de oito hectáreas de monte raso.

Á parte dos que afectan o Parque Natural do Xures, permanece activo un lume no municipio ourensán de Baltar que supera as 20 hectáreas queimadas na parroquia de Abades. Para o seu control, mobilizáronse tres axentes, tres brigadas e dúas motobombas.

Ademais, está xa estabilizado desde as 17:45 horas outro incendio forestal no mesmo municipio, pero na parroquia de Vilamaior da Boulosa. Neste caso, afecta a unhas 40 hectáreas e implicou a mobilización de tres axentes, catro brigadas, unha motobomba e un helicóptero.

Finalmente, pouco antes das 18:00 horas da tarde quedou extinguido outro lume da Gudiña, na parroquia de O Tameirón, que se iniciaba en dous focos pola mañá



e que calcinou unhas 60 hectáreas -45 de monte raso e 15 de arboredo-. Neste foco, traballaron un axente, catro brigadas, unha motobomba, un helicóptero e un avión.

En relación cos recorrentes lumes que suceden no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés a comisión de expertos sinalaba que *“deberíanse activar e mellorar os protocolos de actuación conxunta e axuda mutua con Portugal, facilitando o coñecemento e a comunicación entre os mandos intermedios, o intercambio de información e a realización de talleres onde se avalíen e analicen conxuntamente pasadas intervencións para mellorar a cooperación”*. Cooperación que tildamos hoxe en día de case inexistente.

Por outra banda, atendendo a desestacionalización dos lumes, o Grupo Parlamentario Socialista cree necesaria a prolongación da contratación anual de todo o persoal discontinuo que melloraría a prestación do servizo público, que debe focalizar gran parte dos seus esforzos na prevención e noutros labores de emerxencias no rural, apostando polo incremento do tempo da prestación do persoal de 9 meses de xeito inmediato e polo incremento paulatino do de 6 meses a 9.

En relación con esta situación de incendios na provincia de Ourense, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos incendios forestais, superficie rasa e arborada, se produciron en Galicia dende o un de xaneiro de 2021 ata a actualidade? Distribución por distritos forestais.
2. Cal é a valoración económica dos danos producidos polos incendios acontecidos entre o un de xaneiro de 2021 ata a actualidade en Galicia? Distribución por distritos forestais.
3. Que coordinación se desenvolve entre a Consellería de Medio Rural e a Administración portuguesa en relación cos protocolos de actuación conxunta e axuda mutua con Portugal? Estableceuse algún protocolo novo conforme o dito polo grupo de expertos, competente en materia de incendios e que se desenvolveran na reserva da biosfera Xures-Gerés, con indicación de reunións, seminarios ou mesas de traballo que foran convocadas dende o 1 de xaneiro de 2021 ata a actualidade?
4. Que medios se empregaron en prevención de incendios dende o ano 2020 ata a actualidade no Parque Natural Baixa Limia Serra Xures con indicación da cuantificación económica?



5. Que actuacións se fixeron en relación a mellora da resiliencia nos espazos máis vulnerables do Parque Natural da Baixa Limia-Xures. E como se reflicte no seu PORN e PRUG, e no seu Programa económico-financeiro do Parque Natural, nos orzamentos do 2022?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/02/2022 10:32:37

Marina Ortega Otero na data 03/02/2022 10:32:46

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2022 10:32:55

Martín Seco García na data 03/02/2022 10:33:05



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Plan de Sustentabilidade Turística na Ribeira Sacra está orientado a estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas nas liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico.

En decembro de 2020 fírmase o convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, para a implantación do Plan de Sustentabilidade Turística na Ribeira Sacra, onde as achegas serán de 850.000 euros por parte da Secretaría de Estado de Turismo, 850.000 euros aporta a Axencia de Turismo de Galicia e 150.000 ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística na Ribeira Sacra.

Este plan pretende: estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas dentro das liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico.

A consecución deste obxectivo xenérico baséase no enfoque dos seguintes obxectivos operativos, que inspiran a formulación das actuacións incluídas no plan:

1. Estructurar un sistema de mobilidade sostible que reduza o impacto dos turistas na paisaxe, e ofrezca unha experiencia máis sostible, saudable e segura.
2. Reducir o impacto ambiental xerado polos equipamentos e infraestruturas públicas, facendo uso das fontes de enerxía dispoñibles no territorio.



3. Resolver os incipientes problemas de masificación observados en determinados recursos turísticos e culturais, mellorando a súa xestión.
4. Incorporar determinados recursos, ata agora pouco dinámicos, á oferta turística, potenciando a distribución espacial dos fluxos e o incremento da estadia media.
5. Mellorar a conservación dos núcleos tradicionais en risco de abandono e a súa integración paisaxística.
6. Mellorar o coñecemento dispoñible sobre a demanda e a oferta turística, como ferramenta para a toma de decisións e a xestión sustentable.
7. Crear, promover e comercializar produtos turísticos sostibles e adaptados ás necesidades do mercado e á identidade do territorio.
8. Instalar unha única imaxe de destino, mediante a marca, a sinalización e a coordinación dos servizos de información e visitantes.
9. Dotar ao sector das ferramentas necesarias para ofrecer un servizo de calidade acorde coas medidas de seguridade e hixiene vixentes en cada momento.
10. Xerar oportunidades de emprego que contribúan a atraer e fixar poboación no territorio, garantindo a conservación da paisaxe, así como dos usos e tradicións.
11. Sensibilizar á poboación local sobre a importancia do Valor Universal Extraordinario da Ribeira Sacra e sobre as oportunidades do turismo sostible para o territorio.
12. Reforzar a capacidade técnica e económica da entidade xestora para liderar o desenvolvemento, execución e avaliación do plan.

Os obxectivos deste Plan de Sustentabilidade Turística da Ribeira Sacra, debería reforzarse coa electrificación das embarcacións que navegan o río Sil e o río Miño, para ter deste xeito un transporte fluvial sostible ó longo da Ribeira Sacra. Para que isto pódase realizar necesítase máis financiamento por parte da Administración autonómica.

No río Sil atópanse os seguintes peiraos para coller as embarcacións: Santo Estevo (Nogueira de Ramuín), Abeleda (Castro Caldelas), Ponte do Sil (Monforte de Lemos) e Os Chancís (Sober). E no río Miño está o embarcadeiro de Belesar (O Saviñao) e o dos Peares (Carballedo).

Estes catamaráns para facelos sostibles é necesario que pasen a estar electrificados. Nestes momentos só hai unha embarcación híbrida de 11 prazas que navega polo río Miño.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten pensado a Xunta de Galicia financiar, ó longo deste 2022, á electrificación das embarcacións que navegan polo Sil e polo Miño para ter un transporte fluvial sostible, dentro das actuacións enmarcadas na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/02/2022 10:22:49

Martín Seco García na data 03/02/2022 10:22:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/02/2022 10:23:06

Patricia Otero Rodríguez na data 03/02/2022 10:23:17

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2022 10:23:27

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/02/2022 10:23:39





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións laborais das traballadoras do Servizo de Atención ao Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Atención ao Fogar (SAF) é un dos piares que sustenta o noso Sistema de Atención á Dependencia, sobre todo a partir da aprobación en 2006 da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia. Trátase, polo tanto, dun servizo público de carácter esencial cuxa finalidade é garantir a igualdade no dereito subxectivo de cidadanía mediante a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de Dependencia.

O persoal do SAF, un sector maioritariamente feminizado, compóñeno persoas con especialización que proporcionan unha serie de atencións no seu domicilio a persoas con dificultades para o seu desenvolvemento habitual (fundamentalmente persoas maiores pero tamén persoas con diversos graos de dependencia) e de apoio nas actividades básicas da vida diaria, permitindo deste xeito a autonomía das persoas e facilitando a permanencia nos seus fogares.

Estamos falando dun servizo fundamental para a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade no que, como coa maioría de tarefas relacionadas cos coidados, as condicións de traballo están precarizadas e non se corresponden co valor real que este servizo supón para a sociedade. Que este servizo se desenvolva dentro do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entorno doméstico contribúe á invisibilidade das traballadoras e traballadores do mesmo e inflúe nunhas maiores condicións de precariedade, algo que se estende ás coidadoras familiares que o realizan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Se ben a crise da COVID puxo en evidencia o valor dos coidados e amosounos a fragilidade do sistema actual, introducindo o debate sobre a necesidade de fortalecelo, o transcurso do tempo segue a revelar situacións derivadas da falta de perspectiva e compromiso para abordar a situación. No caso das traballadoras do SAF, a Plataforma SAF Galicia ten convocado diversas mobilizacións coa finalidade de denunciar a precariedade laboral que padecen as traballadoras deste servizo e tamén para darlle visibilidade ás súas demandas.

A regulación laboral do Servizo de Atención no Fogar en Galicia, establécese no convenio subscrito con data do 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG en febreiro de 2010 (existe un convenio marco estatal posterior pero sen melloras sensibles nas condicións do mesmo). Dito convenio, xa caducado, cunha vixencia de dous anos (ata o 31 de decembro de 2011) establece as condicións de traballo de todas as empresas do sector independentemente da fórmula xurídica. No seu articulado figuran os parámetros relativos á cuestións como a xornada de traballo, emprego e estrutura retributiva. Por exemplo, atendendo ao seu artigo 44 “Incremento de retribucións” sinala:

“Durante a vixencia do presente convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflexados nas táboas salariais, a excepción do plus de antigüidade, domingos e festivos e plus de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:

Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o exercicio 2010, o aumento será del IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.

Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.

En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos no que o IPC non fose positivo”.

Sen embargo, dado que as condicións do convenio colectivo autonómico non se revisan dende o ano 2009 (a pesar do seu vencemento en 2011) a evolución salarial faise en criterio á subida do IPC, o que provoca que as condicións salariais estean desfasadas. Un dato ilustrativo é que as traballadoras do SAF tiñan fai uns anos un salario bastante superior ao SMI. Sen embargo, as diferentes subidas do SMI e a falta de actualización das condicións do persoal auxiliar do SAF provocan que na actualidade ditas condicións estean moi próximas ao SMI (nalgúns casos incluso por debaixo do SMI ao ter que traballar por “peonadas” polas que ingresan entre 5 e 6 euros netos por hora), a pesar de tratarse dunha labor que require dun grao de especialización.

Asemade, a estrutura salarial que estipula o convenio inclúe outros factores como Plus de Antigüidade, Plus de Domingos e Festivos, Horas Extraordinarias ou Complemento de Distancia. Sen embargo, existen serias dúbidas de que estes criterios se estean a aplicar de maneira efectiva segundo o estipulado no mesmo.

As traballadoras do SAF levan tempo denunciando esta situación: salarios baixos e desfasados, contratos parciais e temporais que se poderían encadrar en fraude de lei e pésimas condicións e dereitos no relativo a cuestións como as baixas por enfermidade laboral ou as condicións precisas para a xubilación de ditas traballadoras (a idade mínima que se esixe é de 67 anos).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, foi denunciada a discriminación das traballadoras do SAF ao non incluílas, xunto ao persoal sanitario, para que lles sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID, cando este colectivo é o segundo máis afectado despois do sanitario.

Cabe insistir en que o SAF é un servizo municipal que se xestiona de maneira indirecta en moitos casos, polo tanto, o Concello debe velar pola calidade do servizo que se presta ás usuarias, pero tamén traballar para que se garanta que o persoal laboral do SAF, en concreto as auxiliares, preste dito servizo en condicións de traballo dignas como corresponde cunha actividade esencial da que depende o benestar das nosas persoas maiores e dependentes en situación de especial vulnerabilidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais das traballadoras do SAF en Galiza?

. Vai adoptar algunha medida para mellorar as condicións de traballo do persoal do SAF en tanto que peza chave do modelo de coidados?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 10:47:08

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 10:47:12

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 10:47:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras e traballadores da empresa de vixianza Mersant Vigilancia S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación na que se atopa o cadro de persoal da empresa Mersant Vigilancia S.L coa que a Consellaría de Política Social ten centralizados contratos en diferentes servizos.

Segundo puido saber o noso grupo a empresa adebeda varios meses de salarios ao seu persoal sendo constantes as demoras nos cobros. De feito, na actualidade o retraso sitúase xa en dous meses así como tampouco lles foron aboadas as pagas extraordinarias do mes de decembro.

O persoal de Mersant puxo en coñecemento da administración pública esta situación a través de senllos correos electrónicos remitidos ao Tribunal Administrativo de contratación pública de Galiza e á Consellaría de Política Social. Ademais, constan numerosas denuncias interpostas perante a Inspección de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información recompilada polas traballadoras e traballadores esta empresa adebeda máis dun millón de euros á facenda pública así como unha contía semellante á Seguridade Social.

A situación denunciada a respecto da vulneración dos dereitos salariais do persoal por parte de Mersant non é nova. A mesma compañía tamén incorreu en impagos a traballadoras e traballadores de servizos adxudicados no Hospital de Verín e Valdeorras, como denunciou o persoal e trasladou o G.P. do BNG á Cámara en diversas iniciativas.

Cómpre sinalar que ao tratarse dun servizo privatizado que se sufraga con recursos públicos mediante a figura da adxudicación, a parte contratante, a Xunta de Galiza, non pode inhibirse da situación como se fose un compromiso entre traballador/a e empregador/a por dous motivos. Por unha banda, trátase dun servizo sostido pola administración pública, cuxa praxe laboral debe ser exemplar. Por outra banda, a situación do servizo repercute nun servizo público.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da situación na que se atopa o persoal de Mersant Vigilancia S.L nos servizos que ten adxudicados na Consellaría de Política Social?
- Fixo ou pensa facer algo a Xunta de Galiza ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Adoptou ou pensa adoptar algunha medida o Goberno galego para que empresas coma esta que, de maneira reiterada, vulneran os dereitos laborais e salariais do seu persoal non poidan optar a contratos públicos?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 11:33:00

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 11:33:05

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 11:33:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de decembro, no marco da V edición do congreso internacional GOinterHUB (Galician Offshore International Hub), celebrado en Ferrol, o vicepresidente da Xunta de Galiza e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, manifestou que “a Xunta agarda que se teñan en conta as propostas consensuadas co sector marítimo-pesqueiro galego para atopar as localizacións máis adecuadas para o desenvolvemento desta enerxía”, referíndose á eólica mariña, “xa que nacen dun frutífero diálogo da Administración co sector marítimo-pesqueiro”.

Na mesma intervención tamén fixo un chamamento “á total transparencia para asegurar o seu desenvolvemento con respecto, equilibrio e compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño”.

Ao día seguinte desas declaracións, transcenderon outras moi distintas, precisamente do sector marítimo pesqueiro, nomeadamente do representante do Consello Galego de Pesca no Observatorio da Eólica Mariña de Galiza, quen, rotundamente, negou que houbera “ningún acordo ... nin sequera existe un preacordo sobre posíbeis zonas ... o que di o sector é que non é compatíbel (a eólica mariña) nin coa pesca nin cos ecosistemas mariños”.



Descoñecendo o por que das afirmacións do vicepresidente, de non seren certas, poderían considerarse un intento de manipulación pola súa banda sobre o tratado ata o de agora co sector pesqueiro no relativo á eólica mariña, trasladando como conxunta unha valoración exclusivamente de parte e desvirtuando mesmo o obxectivo do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza.

A constitución do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza levouse a cabo o pasado ano, após de ser aprobado no Parlamento polos Grupos Popular e Socialista e mantivo ata o de agora varias reunións.

Segundo acordaran os dous Grupos, facíase “para o diálogo e o coñecemento tanto das achegas propias como de outras entidades nacionais, europeas e internacionais” e “o seu obxectivo sería promover a realización de estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galiza, que analicen as oportunidades e impacto que podería orixinar a implantación de parques eólicos offshore nas costas galegas”.

